# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: IES POETA AÑÓN. OUTES
CURSO: 2º ESO
MATERIA: Xeografía e Historia
DEPARTAMENTO: Xeografía e Historia
DATA: 11 – 05 - 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

**ÍNDICE**

**1. Criterios e estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**

**1.1. Criterios e estándares de aprendizaxe imprescindibles.............................................3**

**1.2. Criterios e estándares de aprendizaxe desenvoltos no terceiro trimestre...................4**

**2. Avaliación e cualificación...........................................................................................5**

**3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación).........................................................................................................6**

4. **Información e publicidade..........................................................................................8**

| 1.1. Estándares de aprendizaxe imprescindibles | |
|---|---|
| **Criterio de avaliación** | **Estándar de aprendizaxe** |
| ▪ B3.7. Describir a nova situación económica, social e política dos reinos xermánicos | ▪ XHB3.7.1. Compara as formas de vida (en diversos aspectos) do Imperio Romano coas dos reinos xermánicos |
| B3.7. Describir a nova situación económica, social e política dos reinos xermánicos. | ▪ XHB3.7.1. Compara as formas de vida (en diversos aspectos) do Imperio Romano coas dos reinos xermánicos |
| ▪ B3.8. Explicar a organización feudal e as súas consecuencias. | ▪ XHB3.8.1. Caracteriza a sociedade feudal e as relacións entre señores e campesiños. |
| ▪ B3.9. Analizar a evolución dos reinos cristiáns e musulmáns, nos seus aspectos socioeconómicos, políticos e culturais. | ▪ XHB3.9.1. Comprende as orixes do Islam e o seu alcance posterior. |
| | ▪ XHB3.9.2. Explica a importancia de Al-Andalus na Idade Media. |
| ▪ B3.10. Entender o proceso das conquistas e a repoboación dos reinos cristiáns na Península Ibérica e as súas relacións con Al-Andalus. | ▪ XHB3.10.1. Interpreta mapas que describen os procesos de conquista e repoboación cristiás na Península Ibérica. |
| | ▪ XHB3.10.2. Explica a importancia do Camiño de Santiago. |
| ▪ B3.11. Entender o concepto de crise e as súas consecuencias económicas e sociais. | ▪ XHB3.11.1. Comprende o impacto dunha crise demográfica e económica nas sociedades medievais europeas. |

| 1.2. Estándares de aprendizaxe desenvoltos no terceiro trimestre | |
|---|---|
| **Criterio de avaliación** | **Estándar de aprendizaxe** |
| ▪ B3.12. Comprender as características e as funcións da arte na Idade Media. | ▪ XHB3.12.1. Describe características da arte románica, gótica e islámica. |
| ▪ B2.1. Comentar a información en mapas do mundo sobre a densidade de poboación e as migracións. | ▪ XHB2.1.1. Localiza no mapa mundial os continentes e as áreas máis densamente poboadas. |
| ▪ B2.2. Analizar a poboación no relativo á súa distribución, evolución e dinámica, e ás súas migracións e políticas de poboación. | ▪ XHB2.2.1. Explica as características da poboación . |
| ▪ B2.6. Comprender o proceso de urbanización, os seus proles e os seus contras en Europa. | ▪ XHB2.6.1. Resume elementos que diferencien o urbano e o rural en Europa. |
| | |

| 2. Avaliación e cualificación | |
|---|---|
| **Avaliación** | Procedementos:<br>- Seguimento do traballo individual do alumnado.<br>- Probas ou material presentados polo profesorado.<br>- Revisión constante das tarefas propostas. Seguimento do traballo individual do alumnado. Foros de dúbidas . Rubrica do traballo feito. |
| | Instrumentos:<br>-Traballo individualizado con probas escritas.<br>**-** **I**nteracción continua do alumnado e a profesora a través do correo individual<br>- Corrección personalizada dos exercicios por parte da profesora e da comunicación de posibles dúbidas a través de correo institucional que o profesorado de dita materia ten a disposición do alumnado a través de EDIXGAL. |
| **Cualificación final** | 1. Alumnado co **avaliacións suspensas**:<br>Só **contidos de repaso para recuperar a materia**.. O alumnado con avaliacións pendentes ( da igual que sexa a 1ª, a 2ª ou as dúas) terá que **realizar OBRIGATORIAMENTE** as actividades indicadas. Terase en conta:<br>. Material presentado dos contidos estudados - **80%**.<br>. Presentalo no prazo indicado- **20%.**<br>**(** Neste último apartado, farase fincapé **nas competencias: Aprender a Aprender, Sentido de iniciativa e Autonomía**).<br><br>2. Alumnado **coas dúas avaliacións aprobadas**:<br>A súa cualificación final farase coa **media das dúas avaliacións** xa realizadas e, a realización dun plan de traballo. Pódese **subir a nota** final, mais esta subida non será automática, terase en conta:<br>**1. Presentación... 20%**<br>**2. Traballo ben realizado...60%**<br>**3. Entrega no prazo indicado...20%**<br>**A subida de nota pode ser de 1 o 2 puntos** |

| | |
|---|---|
| **Proba extraordinaria de setembro** | A proba estará baseada nos estándares imprescindibles dos primeiros trimestre. Será presencial o telemática segundo as circunstancias o permitan. |
| **Avaliación de materia pendentes** | Criterios de cualificación: Para o **alumnado de Pendentes** da ESO a programación contemplaba **un plan de traballo específico** coa entrega de actividades adaptadas ao nivel a superar. Xa lles foron **entregadas ao principio de curso para organizarlles o traballo e repaso da materia.** O **seguimento e avaliación** deste plan é realizado polo profesorado que lle imparte docencia, facéndose do mesmo xeito que na materia do nivel actual.<br>**Os alumnos que xa entregaran o plan de traballo**, enténdese que ten a **materia recuperada**, os que **non, deben facer un exame virtual**. As datas serán establecidas pola dirección do centro. Neste caso a data é: MÉRCORES **20. 3ª HORA.** |
| | Procedementos e instrumentos de avaliación:<br>**Tarefas e traballos presentados**, **exames parciais**, ..., **proba final : 20 de maio** 2020. |

| **3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)** | |
|---|---|
| **Actividades** | Mentres dure a situación de docencia non presencial, o alumnado seguirá un plan de traballo orientada a **REFORZAR E REPASAR** os contidos e aprendizaxes traballados ata a data da suspensión das clases presenciais de aquel alumnado co algunha materia suspensa e de AMPLIACIÓN **das COMPETENCIAS** adquiridas ou en vías por parte dos alumnos co materia superada.<br><br>As actividades tipo son, para os dous grupos:<br><br>1. Preguntas de verdadeiro / Falso. **Recuperación, Repaso e Ampliación.**<br>2. Varios textos co mesmo tema. **Recuperación, Repaso e Ampliación.**<br>3. Completar imaxes. **Recuperación, Repaso e Ampliación.**<br>4. Sinalar nas imaxes elementos. **Recuperación, Repaso e** |

| | |
|---|---|
| | **Ampliación.**<br>5. Completar fichas. **Recuperación, Repaso e Ampliación.**<br>6. Contestar preguntas. **Recuperación, Repaso e Ampliación.**<br>7. Completar mapas. **Recuperación, Repaso e Ampliación.**<br>8. Extraer información dun texto. **Recuperación, Repaso e Ampliación.**<br>9. Comentario de Arte: **Recuperación, Repaso e Ampliación.**<br>10. Comentario de textos. **Recuperación, repaso. Ampliación.**<br>11. Comentarios mapas: **Recuperación, repaso. Ampliación.** |
| **Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade):** | A idea máis importante deste plan de traballo é o seguimento individualizado.<br>Os alumnos reciben a través de EDIXGAL unhas tarefas co un prazo amplo. Eles envían as súas respostas e reciben un correo individualizado onde a profesora establece os erros, os acertos e aqueles aspectos que deben coidar na próxima vez. Calquera dúbida o alumno pode preguntar a través da mensaxería propia de EDIXGAL ou enviando un correo, utilizado so polo alumnado e a profesora: anadesociais@gmail.com<br>Como marco xeral, a profesora ten a disposición de alumnos, centro, xunta, concello, o mesmo material nun arquivo para aqueles alumnos sen conectividade. (Actualmente os problemas relacionados con este tema xa están solventado en maior medida e o departamento de Orientación e a Dirección do centro teno controlado). |
| **Materiais e recursos** | Libro de texto, Blogs de profesores de xeografía e Historia, escritorios virtuais, páxinas web, Youtube, material elaborado pola profesora. |

| 4. Información e publicidade | |
|---|---|
| **Información ao alumnado e ás familias** | O procedemento que o profesorado empregará para informar ao alumnado, serán os mesmos canles que para o envío e control das actividades: EDIXGAL, correo electrónico e Abalar |
| **Publicidade** | O Departamento de Xeografía e Historia, expoñerá a adaptación da programación didáctica, na páxina web, na área do departamento, ao lado da programación do curso 2019-20, xa exposta. |